



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0736	Conservadora, periodoncia, cirurxía e implantes	2025/2026	0	175	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LYDIA MARÍA ÁLVAREZ RILO, MARIA DORINDA TEJEIRO GONZÁLEZ, ALBA TOJEIRO FORMOSO (Subst.), JAVIER FRANCISCO BALADO CANTO (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Aplica técnicas de axuda na realización de obturacións, en relación coa extensión da carie
RA2 - Aplica técnicas de axuda no tratamento de condutos, en relación coa afectación polpar
RA3 - Aplica técnicas de axuda para eliminar tinguaduras dentarias intrínsecas, en relación co proceso de branqueamento dental
RA4 - Aplica técnicas de axuda en periodoncia, interpretando procedementos de intervención
RA5 - Aplica técnicas de axuda en extraccións dentarias e cirurxía bucodental, logo de seleccionar o instrumental e o material
RA6 - Aplica técnicas de axuda na colocación de implantes, logo de seleccionar o instrumental

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificouse a extensión da carie nas superficies que cumpra obturar
CA1.2 Recoñecéronse os tipos de cavidades de restauración segundo a extensión da carie
CA1.3 Describiuse a secuencia da intervención
CA1.4 Clasificáronse os tipos de material de obturación
CA1.10 Identificáronse defectos na obturación
CA2.1 Identificouse a afectación polpar na dentición temporal e permanente



Criterios de avaliación do currículo
CA2.2 Describiuse a secuencia da intervención
CA2.3 Diferenciáronse as tipos de materiais de seladura de condutos
CA3.1 Definíronse os tipos de tinguaduras dentarias intrínsecas
CA3.2 Analizáronse as causas das tinguaduras dentarias intrínsecas
CA3.3 Describiuse a secuencia da intervención
CA3.4 Clasificáronse os tipos de materiais de branqueamento
CA3.8 Especificáronse as precaucións antes, durante e despois do tratamento branqueador
CA4.1 Definíronse os tipos de intervencións en periodoncia
CA4.3 Describiuse a secuencia das intervencións
CA4.4 Clasificouse o instrumental en operatoria periodontal
CA5.1 Describiuse a secuencia da intervención
CA5.2 Identificáronse as diferenzas entre os fórceps de arcada superior e inferior
CA5.3 Identificáronse as diferenzas entre os botadores de arcada superior e inferior
CA5.5 Clasificouse o instrumental para intervencións de cirurxía bucodental
CA5.9 Definíronse as instrucións ao/á paciente para o período postoperatorio
CA6.1 Diferenciáronse as partes dun implante
CA6.2 Describiuse a secuencia da intervención
CA6.3 Identificouse o instrumental para colocar implantes



2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Aplica técnicas de axuda na realización de obturacións, en relación coa extensión da carie
RA2 - Aplica técnicas de axuda no tratamento de condutos, en relación coa afectación polpar
RA3 - Aplica técnicas de axuda para eliminar tinguaduras dentarias intrínsecas, en relación co proceso de branqueamento dental
RA4 - Aplica técnicas de axuda en periodoncia, interpretando procedementos de intervención
RA5 - Aplica técnicas de axuda en extraccións dentarias e cirurxía bucodental, logo de seleccionar o instrumental e o material
RA6 - Aplica técnicas de axuda na colocación de implantes, logo de seleccionar o instrumental

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.5 Preparouse a bandexa de operatoria dental para cada tipo de intervención
CA1.6 Preparouse o instrumental necesario para anestesiarse o/a paciente
CA1.7 Illouse o campo operatorio
CA1.8 Preparáronse os tipos de protectores dentinopolpares segundo os protocolos de actuación
CA1.9 Instrumentouse seguindo a secuencia operatoria das obturacións
CA1.11 Realizouse o proceso con precisión, orde e método
CA1.12 Puíuse a obturación segundo os protocolos establecidos e comprobouse a oclusión
CA1.13 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental



Criterios de avaliación do currículo
CA2.4 Preparouse o instrumental necesario para anestesiarse o/a paciente
CA2.5 Preparáronse o material e o instrumental necesarios para realizar a endodoncia
CA2.6 Illouse o campo operatorio
CA2.7 Instrumentouse para realizar a condutometría e a preparación de condutos
CA2.8 Seguíronse os protocolos de axuda na obturación de condutos e reconstrución da coroa
CA2.9 Realizouse o proceso con precisión, orde e método
CA2.10 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos e protección ambiental
CA3.5 Preparouse o material e o instrumental para eliminar as tinguaduras dentarias intrínsecas
CA3.6 Instrumentouse seguindo a secuencia operatoria do branqueamento dental
CA3.7 Aplicáronse de forma tópica os elementos de branqueamento dental
CA3.9 Establecéronse pautas de seguimento e control do proceso
CA3.10 Realizouse o proceso con precisión, orde e método
CA4.2 Aplicáronse técnicas de control microbiolóxico preoperatorio
CA4.5 Mantívose o campo operatorio iluminado e seco
CA4.6 Preparouse o instrumental para as intervencións periodontais
CA4.7 Preparouse o campo estéril para a realización da cirurxía
CA4.8 Preparouse o/a paciente para a realización da cirurxía
CA4.9 Instrumentouse seguindo a secuencia operatoria



Criterios de avaliación do currículo
CA4.10 Realizouse o proceso con precisión, orde e método
CA5.4 Preparouse a bandexa de exodoncia para cada tipo de intervención
CA5.6 Instrumentouse na extracción e/ou na cirurxía de terceiros molares incluídos
CA5.7 Instrumentouse na extracción e/ou na cirurxía de caninos incluídos
CA5.8 Seguiuse unha técnica aséptica na realización da cirurxía
CA6.4 Preparouse o material para anestesiarse o/a paciente
CA6.5 Aplicáronse técnicas específicas de asepsia
CA6.6 Instrumentouse na colocación do implante
CA6.7 Preparouse o instrumental necesario para realizar a toma de impresión e para a colocación da prótese
CA6.8 Identificáronse as técnicas de axuda no control dos resultados
CA6.9 Instruíuse o/a paciente no mantemento hixiénico do implante

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- Mínimos exixibles: todos os criterios de avaliación indicados para cada proba segundo a Orde do 5 abril de 2013

- Criterios de cualificación:

Segundo o indicado na orde do 5 de abril de 2013, a proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

a) Primeira parte da proba: o profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Terá carácter eliminatorio de tal xeito que as persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.

b) Segunda parte da proba: as persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá en varios supostos prácticos do módulo. O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte de cero a dez puntos. Para a súa superación os candidatos/as deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco. As persoas que non superen a



primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión final obtida por cada aspirante en cada un dos módulos profesionais será numérica, entre un e dez, sen decimais.

- Cualificación final:

Corresponde da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluir de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou profesora do módulo profesional calificará esa parte do módulo cun cero

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

***Características da proba: poderá consistir nunha proba escrita de preguntas curtas e/ou tipo test (con 4 posibles respostas das cales so unha é a correcta) e/ou verdadeiro ou falso e/ou de completar e/ou relacionar. No caso das preguntas tipo test, cada resposta incorrecta descontará unha puntuación a especificar nas instrucións da proba escrita. As preguntas non respostadas non restarán. Esta parte versará sobre unha mostra significativamente representativa dos contidos establecidos na programación

***Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo azul ou negro indeleble
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo

***Duración da proba: A duración da proba teórica será como máximo de 2 sesións (120 min.)

***Normas:

- Non se permitirá o acceso á aula co teléfono móbil encendido nin reloxos intelixentes, nin dispositivos que permitan a gravación, reprodución, transmisión ou recepción de datos, imaxes ou sons.
- As preguntas catalogadas como reserva serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións.
- Deberase rodear con un círculo a resposta correcta, no caso de erro o marcar unha opción poñerase unha cruz e marcarase a correcta
- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comenzada a proba.
- Queda prohibido sacar o exame da aula ou sacar fotos



- O pelo deberá estar recollido e os pavillóns auditivos deben estar visibles
- Non se permitirá o uso de correctores tipo Tippex.

Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas que superen a primeira proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no sesenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

***Características da proba:

Poderá consistir en:

- Supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos nesta programación. O docente irá revisando in situ o desenvolvemento das tarefas que debe realiza
- Proba escrita sobre contidos de tipo procedimental en papel que poderá constar de:
 - o preguntas test. As preguntas test mal respostadas puntuarán negativo, a especificar nas instrucións da proba escrita.
 - o verdadeiro ou falso
 - o preguntas curtas
 - o resolución de exercicios
 - o resolución de supostos prácticos
- Para a superación desta proba deberá obterse unha cualificación de ao menos o 5 puntos

***Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo azul ou negro indeleble
- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa.
- Casaca ou bata de traballo



***Duración da proba:

A duración da proba teórica será como máximo de 2 sesións (120 min.)

***Normas:

- As probas realizadas a lapis non se corruxirán.
- Non se permitirá o acceso á aula co teléfono móbil encendido nin reloxos intelixentes, nin dispositivos que permitan a gravación, reprodución, transmisión ou recepción de datos, imaxes ou sons.
- Hixiene persoal para o centro de traballo (pelo recollido, sen aneis, sen pendentes e sen pulseiras ou reloxos, unllas curtas e sen verniz...) o uso da bata ou casaca é totalmente imprescindible.
- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comenzada a proba.
- Queda prohibido sacar o exame da aula.
- Os bolsos e apuntes deixaranse no lugar indicado polo profesor.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes